

**Orde do Día Proposta da sesión /XGL/42/2020**

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro  
Don Gumersindo Guinarte Cabada  
Dona María Milagros Castro Sánchez  
Don Gonzalo Muíños Sánchez  
Dona Marta Abal Rodríguez  
Don José Manuel Pichel Patiño  
Dona Noa Susana Díaz Varela  
Don José Javier Fernández Martínez

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar o día **08 de xuño de 2020**, ás **10:00 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

**ORDE DO DÍA**

- 1.- Aprobación de actas de sesións anteriores.
- 2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza de obra nova para edificación destinada a residencia da terceira idade na rúa do Peregrino, 13. LAP/459/2019.
- 3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para rehabilitación de vivenda situada na planta 2<sup>a</sup> e baixocuberta do edificio situado na rúa dos Lagartos, 11. LIC/1475/2019.
- 4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para rehabilitación e ampliación de planta 2<sup>a</sup> do edificio situado na rúa Home Santo nº 5-7. LIC/2042/2018.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para rehabilitación de edificio de planta baixa, planta alta e baixocuberta na Ruela de Conxo de Abaixo nº 1. LIC/998/2008.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á estimación parcial do recurso de reposición formulado contra o acordo da sesión de 24/10/2019, de suspensión do procedemento de solicitude de licenza, ordenando a tramitación do mesmo ao presentarse proxecto modificado no que se renuncia ao uso de albergue destinando a edificación a restaurante e oficinas na rúa Fontiñas, 82. LAP/494/2019.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao rexeitamento do recurso de reposición formulado contra o acordo da sesión de 20.01.2020, relativo á execución do aval prestado por INMOBILITARIA OUTEIRO DE SAR, S.A. para responder da urbanización do SUNP-31 (San Marcos).

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á cesión gratuíta á Xunta de Galicia de solo para implantación dun centro público de atención integral de maiores no barrio do Castiñeiriño.

9.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á desestimación dun recurso de reposición interpuesto contra o acordo da sesión de 29.7.19, desestimatorio dunha bonificación no IBI.

10.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á corrección de errores no punto 15 da sesión de 30.12.19, de bonificación no IBI.

11.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á corrección de errores no punto 18 da sesión de 10.5.19, de exención no IBI.

12.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á concesión de exencións nas taxas por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

13.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á solicitude de axudas á Xunta de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos, a teor do establecido na orde do 5.5.20.

14.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á solicitude de axudas á Xunta de Galicia para a contratación dos servizos de elaboración do Plan de actuación para o clima e a enerxía sustentable (PACES), no concello de Santiago, a teor do establecido na orde do 5.5.20.

15.- Proposta da concelleira delegada de Políticas de Igualdade relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación da prestación do servizo para a Coordinación e Funcionamento da Casa das Mulleres Xohana Torres, actuación que forma parte da EDUSI, cofinanciada polo FEDER no marco do programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020

16.- Proposta da concelleira delegada de Educación, Mocidade, Políticas de Igualdade e Políticas Lingüísticas relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación da ccntratación dunha campaña nos centros de ensino para traballar a educación en igualdade e programas para a prevención da violencia de xénero en educación infantil, primaria, secundaria, formación profesional, bacharelato e educación especial nos cursos 2020/2021 e 2021/2022, actuación que forma parte da EDUSI, cofinanciada polo FEDER no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020.

17.- Dación de conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local.

18.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

19.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 05 de xuño de 2020

O Alcalde

  
Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo